

pías, terán un prazo de 15 días, contados desde a entrada en vigor deste real decreto, para lle notificar á Comisión Nacional do Mercado de Valores a porcentaxe de dereitos de voto que posúen, de acordo cos modelos de notificación que se aproben para eses efectos. En concreto, deberán notificar:

- a) Os suxeitos obrigados que teñan unha proporción de dereitos de voto igual ou superior ao 3% e inferior ao 5%,
- b) Os suxeitos obrigados aos cales lles sexa de aplicación o artigo 28,
- c) Os suxeitos obrigados aos cales lles sexa de aplicación o artigo 24.1.a).

4. Mentres non se aproben por circular da Comisión Nacional do Mercado de Valores os modelos de comunicación regulados nos artigos 39 e 43, as comunicacións de participacións significativas e de accións propias dos emisores realizáranse mediante os modelos aprobados segundo o Real decreto 377/1991, do 15 de marzo, sobre comunicación de participacións significativas en sociedades cotizadas e de adquisición por estas de accións propias.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogados o Real decreto 377/1991, do 15 de marzo, sobre comunicación de participacións significativas en sociedades cotizadas e de adquisición por estas de accións propias; a Orde ministerial do 18 de xaneiro de 1991, sobre información pública periódica das entidades emisoras de valores admitidos a negociación en bolsas de valores; a Orde ministerial do 23 de abril de 1991, de desenvolvemento do Real decreto 377/1991, do 15 de marzo, sobre comunicación de participacións significativas en sociedades cotizadas e de adquisicións por estas de accións propias, e cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ao contido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro dos títulos competenciais previstos no artigo 149.1.6.^a, 11.^a e 13.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto complétase a incorporación ao dereito español da Directiva 2004/109/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de decembro de 2004, sobre a harmonización dos requisitos de transparencia relativos á información sobre os emisores cuxos valores se admiten a negociación nun mercado regulado e pola que se modifica a Directiva 2001/34/CE.

Así mesmo, incorpórase totalmente ao dereito español a Directiva 2007/14/CE da Comisión, do 8 de marzo de 2007, pola que se establecen disposicións de aplicación de determinadas prescricións da Directiva 2004/109/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de decembro de 2004, sobre a harmonización dos requisitos de transparencia relativos á información sobre os emisores cuxos valores se admiten a negociación nun mercado regulado.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor no prazo de dous meses, a partir da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Non obstante, as disposicións contidas no artigo 8 referentes ao informe financeiro anual entrarán en vigor

en relación coas contas anuais cuxo exercicio económico comece a partir do 1 de xaneiro de 2007, inclusive.

As disposicións contidas no título I relativas aos informes financeiros semestrais e as declaracións intermedias entrarán en vigor en relación coas informacións que se refiran a períodos que comecen a partir do 1 de xaneiro de 2008.

Dado en Madrid o 19 de outubro de 2007.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente segundo do Goberno
e ministro de Economía,
PEDRO SOLBES MIRA

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

18307 *ORDE APA/3046/2007, do 19 de outubro, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa lingua azul.* («BOE» 252, do 20-10-2007.)

A lingua azul ou febre catarral ovina é unha enfermidade incluída no Código Zoonosario Internacional da Organización Mundial da Sanidade Animal (OIE) e na lista A de enfermidades de declaración obrigatoria da Unión Europea. As medidas específicas de loita contra a enfermidade están reguladas polo Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, polo que se establecen medidas específicas de loita e erradicación da febre catarral ovina ou lingua azul.

Desde o ano 2004 o suroeste da Península Ibérica viuse afectado pola circulación viral do serotipo 4 do virus causante desta enfermidade, adoptándose as medidas adecuadas desde aquela para o seu control e erradicación, incluíndo a existencia dun programa de vacinación fronte ao mencionado serotipo.

A detección no sur de España durante o mes de xullo de 2007 dun novo illamento do virus da lingua azul, caracterizado por técnicas de laboratorio como dentro do serotipo 1 do devandito virus, fixo necesario modificar en parte a estratexia de loita contra esta enfermidade en España, dado que de momento non existe dispoñible vacina inactivada fronte ao mencionado serotipo 1.

As medidas de protección fronte á enfermidade na Unión Europea foron adoptadas mediante a Decisión 2005/393/CE, da Comisión, do 23 de maio de 2005, relativa ás zonas de protección e vixilancia en relación coa febre catarral ovina e as condicións que se aplican aos traslados de animais desde estas zonas ou a través delas, cuxa última modificación, polo que respecta ás zonas restrinxidas en relación coa febre catarral ovina en España e Alemaña, a constitúe a Decisión 2007/28/CE, da Comisión, do 22 de decembro de 2006.

De acordo coa Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, e sen prexuízo das medidas adoptadas pola Comisión Europea, adoptáronse medidas nacionais específicas, a través de diversas ordes, a última das cales é a Orde APA/2289/2007, do 26 de xullo, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa lingua azul, modificada pola Orde APA/2371/2007, do 2 de agosto, e Orde APA/2601/2007, do 10 de setembro.

Ante a confirmación da presenza do serotipo 1 do virus da lingua azul na zona periférica da área restrinxida S-1-4 definida pola Orde APA/2289/2007, xunto coa detec-

ción de novos focos na provincia de Almería, considereuse pertinente unificar as zonas restrinxidas S-4 e S-1-4 determinadas pola orde anteriormente mencionada nunha única zona restrinxida, facilitando os movementos de animais sensibles dentro da devandita área e garantindo sempre o control sanitario dos movementos cara á zona libre da enfermidade, ao tempo que se amplía a zona restrinxida a determinadas comarcas das provincias de Granada e Almería.

Na súa virtude, e ao abeiro do establecido no artigo 8 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, e na disposición derradeira segunda do Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, dispoño:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

O obxecto desta orde é establecer medidas específicas de protección contra a lingua azul, de aplicación a todo o territorio nacional.

Artigo 2. *Definicións.*

1. Para os efectos desta orde serán de aplicación as definicións previstas no artigo 3 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, no artigo 2 do Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, polo que se establecen medidas específicas de loita e erradicación da febre catarral ovina ou lingua azul, e no artigo 2.a) do Real decreto 1939/2004, do 27 de setembro, polo que se regula a cualificación sanitaria das gandarías de reses de lida e o movemento dos animais pertencentes a estas. Así mesmo, será de aplicación a definición de posto de control establecida no artigo 1.2.h) do Regulamento (CE) n.º 1/2005, do Consello, do 22 de decembro de 2004, relativo á protección dos animais durante o transporte e as operacións conexas e polo que se modifican as Directivas 64/432/CEE e 93/119/CE e o Regulamento (CE) n.º 1255/97.

2. Así mesmo, entenderase como:

- a) Zona restrinxida: as comunidades autónomas, provincias e comarcas incluídas no anexo II.
- b) Zona libre: o resto do territorio nacional
- c) Espectáculos taurinos: os clasificados así no artigo 25 do Real decreto 145/1996, do 2 de febreiro, polo que se modifica e se lle dá nova redacción ao Regulamento de espectáculos taurinos.

Artigo 3. *Requisitos para movementos con destino a vida dentro de España.*

1. Todo movemento para vida dos animais das especies sensibles, procedentes de explotacións situadas na zona restrinxida con destino a zona libre desta ou distinta comunidade autónoma, poderase realizar co cumprimento dos seguintes requisitos xerais:

- a) Os animais que se vaian transportar non presentarán signos clínicos de lingua azul o día do seu transporte.
- b) Os animais serán transportados en vehículos de transporte que deberán ser desinsectados antes da carga. No caso de movemento de animais transhumantes vacinados de acordo co establecido no anexo I, estes poderán abandonar a zona restrinxida con destino a zona libre «a pé», non quedando eximidos do resto dos requisitos deste artigo.
- c) A carga e o transporte dos animais realizaranse, preferentemente, nas horas centrais do día ou da noite e, en todo caso, fóra das horas de máxima actividade do vector.
- d) Todos os animais sensibles obxecto de movemento serán previamente tratados cun desinsectante ou cun produto repelente cunha antelación máxima de 7 días naturais previos ao transporte. Nas explotacións de orixe

terase procedido á desinsectación previa dos locais e arredores onde permanezan os animais, e efectuaríase esta tantas veces como fose necesario para garantir a actividade do desinsectante empregado.

e) Todos os animais que abandonen a zona restrinxida para o seu movemento para vida a zona libre dentro de España deberán estar marcados, de forma que se impida o seu traslado posterior a outro Estado membro da Unión Europea sen a debida autorización. Esta marcación realizarase, polo menos, no documento de identificación bovina (DIB) dos animais bovinos, previsto no Real decreto 1980/1998, do 18 de setembro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais da especie bovina, debéndose garantir en todo momento que esta marcación se mantén no DIB dos animais cando emitan un novo documento as autoridades competentes das comunidades autónomas debido ao cambio de posuidor destes, ou outras circunstancias previstas no Real decreto 1980/1998, do 18 de setembro. No resto de ruminantes, a marcación efectuarase mediante unha marca auricular de cor.

2. Ademais dos requisitos do punto anterior, para movemento para vida dos animais das especies sensibles procedentes de explotacións situadas na zona restrinxida con destino a zona libre desta ou distinta comunidade autónoma deberánse cumprir tamén as condicións que establece a Decisión 2005/393/CE, da Comisión, do 23 de maio de 2005, relativa ás zonas de protección e vixilancia en relación coa febre catarral ovina e as condicións que se aplican aos traslados de animais desde estas zonas ou a través delas, para cuxo efecto os animais obxecto de traslado deberán cumprir as condicións indicadas no anexo I. Non obstante o anterior, para aqueles animais que desde zona libre entren a zona restrinxida para asistir a concursos, feiras ou poxas, exceptúase para a saída cara a zona libre do requisito previsto no punto 2 do anexo I, sempre que os animais se mantivesen durante todo este tempo en instalacións onde se leve a cabo un adecuado protocolo de desinsectación.

3. Nos movementos previstos neste artigo farase constar no certificado oficial de movemento previsto no artigo 50 da Lei 8/2003, do 24 de abril, ou como documentación adxunta a este, ademais da identificación dos animais obxecto de movemento, a documentación acreditativa do desinsectante ou repelente empregado (incluído o produto usado, a data de aplicación e, se é o caso, o tempo de espera), así como a identificación do responsable en orixe da aplicación das devanditas medidas e, nos casos en que así proceda de acordo con este artigo, a documentación acreditativa do resultado das análises de laboratorio efectuadas aos devanditos animais e a data de vacinación e o tipo de vacina administrada.

4. Todo movemento de animais de especies sensibles entre dúas comunidades autónomas, con orixe en explotacións situadas en zona restrinxida polo virus da lingua azul, deberalle ser notificado pola autoridade competente en sanidade animal da comunidade autónoma de orixe á autoridade competente en sanidade animal da comunidade autónoma de destino cunha antelación mínima de 48 horas.

5. O movemento para vida de animais de especies sensibles, entre explotacións situadas dentro da zona restrinxida, poderase realizar sempre que os animais estean vacinados con vacina inactivada fronte ao serotipo 4 do virus da lingua azul.

Artigo 4. *Requisitos dos movementos intracomunitarios para vida desde as zonas restrinxidas.*

Os animais de especies sensibles de explotacións situadas na zona restrinxida poderanse mover para vida directamente a territorio doutros Estados membros logo

de autorización do Estado membro de destino, coas condicións que establece para o efecto a Decisión 2005/393/CE, da Comisión, do 23 de maio de 2005, relativa ás zonas de protección e vixilancia en relación coa febre catarral ovina e as condicións que se aplican aos traslados de animais desde estas zonas ou a través delas.

Artigo 5. *Movimentos para sacrificio desde a zona restrinxida.*

1. Os animais de especies sensibles de explotacións situadas na zona restrinxida poderanse mover para sacrificio directamente a territorio doutros Estados membros logo de autorización do Estado membro de destino, coas condicións que establece a Decisión 2005/393/CE, da Comisión, do 23 de maio de 2005.

2. Os requisitos para autorizar os movementos para sacrificio de animais de especies sensibles desde explotacións radicadas na zona restrinxida con destino a zona libre da mesma ou distinta comunidade autónoma serán os seguintes:

a) Os animais que se vaian transportar non presentarán signos clínicos de lingua azul o día do seu transporte.

b) Os vehículos de transporte deberán ser desinsectados antes da carga.

c) A carga e o transporte dos animais realizaranse preferentemente nas horas centrais do día ou da noite e, en todo caso, fóra das horas de máxima actividade do vector.

d) Os animais serán transportados ao matadoiro para o seu sacrificio nun prazo máximo de 48 horas desde a chegada a este, baixo supervisión oficial. Cando os animais abandonen a zona restrinxida, o transporte realizarase en vehículos precintados pola autoridade competente. A autoridade competente responsable do matadoiro será informada da intención de enviar animais a este e notificaralle a súa chegada á autoridade sanitaria competente en materia de expedición.

e) No matadoiro de destino, así como na explotación de orixe, terase procedido á desinsectación previa dos locais e arredores onde vaian permanecer os animais. Non obstante, a autoridade competente de sanidade animal da comunidade autónoma de destino poderá exceptuar da desinsectación previa o matadoiro de destino cando non exista risco de presenza do vector.

f) Os animais obxecto de movemento serán previamente tratados cun desinsectante ou repelente cunha antelación máxima de 7 días naturais previos ao transporte, tendo en conta o período de supresión do produto empregado.

3. Nos movementos previstos no punto anterior farase constar no certificado oficial de movemento previsto no artigo 50 da Lei 8/2003, do 24 de abril, ou como documentación adxunta a este, ademais da identificación dos animais obxecto de movemento, a documentación acreditativa do desinsectante ou repelente empregado (incluído o produto usado, a data de aplicación e, se é o caso, o tempo de espera), así como a identificación do responsable en orixe da aplicación destas medidas e, nos casos en que así proceda de acordo con este artigo, a identificación do precinto do medio de transporte.

4. Todo movemento de animais de especies sensibles entre dúas comunidades autónomas, con orixe en explotacións situadas en zona restrinxida deberalle ser notificado pola autoridade competente en sanidade animal da comunidade autónoma de orixe á autoridade competente en sanidade animal da comunidade autónoma de destino cunha antelación mínima de 48 horas.

5. Non obstante o disposto neste artigo, non se poderán autorizar en ningún caso movementos para sacrificio dos animais das especies sensibles, proceden-

tes de explotacións situadas na zona restrinxida con destino cara a aquelas provincias de zona libre do territorio nacional, onde historicamente se notificase a presenza de focos de lingua azul, agás que cumpran os requisitos do anexo I.

Artigo 6. *Movimentos de reses de lida desde a zona restrinxida destinados a espectáculos taurinos en zona libre.*

1. Os movementos de reses de lida desde zona restrinxida con destino a espectáculos taurinos celebrados en zona libre da mesma ou de distinta comunidade autónoma realizaranse de acordo cos requisitos especificados no artigo 5, debendo os animais estar vacinados con vacina inactivada fronte ao serotipo 4 do virus da lingua azul.

2. Os organizadores que pretendan recibir unha partida de reses de lida de zona restrinxida para o desenvolvemento dun espectáculo taurino en zona libre deberán comunicar á autoridade competente en materia de sanidade animal da comunidade autónoma de destino cunha antelación mínima de 15 días naturais á data prevista de chegada dos animais ao seu destino.

3. As reses de lida procedentes de zona restrinxida non poderán permanecer con vida máis de 4 días naturais en zona libre, durante os cales os animais serán tratados cun desinsectante ou repelente, de modo que estean protexidos do ataque do vector. Unha vez transcorrido este período de tempo os animais deberán ser sacrificados ou devolto á zona restrinxida de procedencia.

4. O incumprimento das garantías sanitarias establecidas neste artigo, especialmente daquelas que supoñan un risco de difusión da enfermidade, autorizará as autoridades sanitarias competentes para ordenar o sacrificio e destrución inmediata dos animais da partida, correndo o organizador do espectáculo cos gastos derivados da devandita actuación.

Artigo 7. *Vacunación de especies sensibles en zona restrinxida.*

1. Establécese a vacinación obrigatoria fronte ao serotipo 4 do virus da lingua azul dos animais pertencentes ás especies ovina e bovina na zona restrinxida.

2. A vacinación levarase a cabo baixo supervisión oficial e coas vacinas que para tal fin lles subministre a Dirección Xeral de Gandaría do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación ás comunidades autónomas das zonas restrinxidas.

3. Os animais vacinados deberanse marcar no momento da primeira vacinación cunha marca auricular de cor en que figurará, polo menos, a lenda «LA». Non obstante, no caso de bovinos, esta marcación poderase realizar no documento de identificación bovina (DIB), previsto no Real decreto 1980/1998, do 18 de setembro, debéndose garantir en todo momento que esta marcación se mantén no DIB dos animais cando emitan un novo documento as autoridades competentes das comunidades autónomas debido ao cambio de posuidor destes, ou outras circunstancias previstas no Real decreto 1980/1998, do 18 de setembro.

As autoridades competentes en sanidade animal das comunidades autónomas levarán a cabo un rexistro dos animais vacinados, en que, polo menos, figurará o ano/mes de primeira vacinación e de sucesivas vacinacións, o código de explotación e a identificación individual dos animais, cando proceda.

4. Co fin de dar cumprimento ao establecido no artigo 11.2 do Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, as autoridades competentes das comunidades autónomas remitiranlle á Subdirección Xeral de Sanidade Animal os programas vacinais que pretendan aplicar no seu territorio, co fin de trasladalos á Comisión Europea.

Artigo 8. *Esperma, óvulos e embrións.*

O traslado de esperma, óvulos e embrións de doadores de zona restrinxida rexeráse polo previsto na Decisión 2005/393/CE, da Comisión, do 23 de maio de 2005.

Artigo 9. *Zona libre.*

Os movementos de saída desde unha zona libre, ou dentro da devandita zona, de animais de especies sensibles, tanto para vida como para sacrificio, ou con destino a espectáculos taurinos, non están sometidos a ningunha condición específica con motivo da lingua azul.

Artigo 10. *Tránsito por zona restrinxida.*

Autorízase o tránsito de animais sensibles expedidos a partir dunha zona libre, a través de zona restrinxida, sempre que se lles aplique aos animais e aos medios de transporte un tratamento con repelente ou desinsectante autorizado no lugar de carga ou, en calquera caso, antes de entrar en zona restrinxida.

No caso de que estea previsto un período de parada nun posto de control, así como nas instalacións portuarias, durante o tránsito a través de zona restrinxida, aplicarase un tratamento con repelente ou desinsectante autorizado co fin de protexer os animais de posibles ataques de vectores.

Artigo 11. *Animais das especies equinas.*

Para os movementos de animais das especies equinas, con orixe en explotacións situadas na zona restrinxida, deberanse cumprir as seguintes condicións:

- A carga e o transporte dos animais realizarase fóra das horas de máxima actividade do vector.
- Cando o movemento teña como destino explotacións situadas en zona libre, os animais obxecto de movemento terán sido desinsectados como máximo dentro dos 5 días naturais previos ao movemento ou ben tratados cun repelente. Así mesmo, os vehículos de transporte deberán ser desinsectados antes da carga.

Artigo 12. *Réxime sancionador.*

En caso de incumprimento do disposto nesta orde será de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto na Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, sen prexuízo das posibles responsabilidades civís, penais ou doutra orde que poidan concorrer.

Disposición transitoria única. *Réxime temporal de movementos para vida de animais de especies sensibles entre explotacións situadas en parte da zona restrinxida.*

1. Non obstante o previsto no artigo 3.5, a obriga da vacinación con vacina inactivada fronte ao serotipo 4 do virus da lingua azul non será de aplicación aos movementos para vida de animais sensibles procedentes de explotacións situadas nas comarcas veterinarias de Motril e Órgiva, na provincia de Granada, e das comarcas veterinarias de Poniente, Río Andarax, Alto Almanzora e Bajo Andarax, na provincia de Almería, que teñan como destino explotacións situadas na zona restrinxida e que se realicen dentro dos 90 días naturais seguintes á entrada en vigor desta orde.

2. Non obstante o previsto no artigo 6, non será de aplicación aos espectáculos taurinos que se celebren dentro dos 24 días naturais seguintes á entrada en vigor desta orde a obriga da comunicación previa á autoridade competente en materia de sanidade animal da comunidade autónoma de destino, para o desenvolvemento dun espectáculo taurino en zona libre, para os organizadores que pretendan recibir unha partida de reses de lida das

comarcas veterinarias de Motril e Órgiva, na provincia de Granada, e das comarcas veterinarias de Poniente, Río Andarax, Alto Almanzora e Bajo Andarax, na provincia de Almería.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogada a Orde APA/2289/2007, do 26 de xullo, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa lingua azul.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Madrid, 19 de outubro de 2007.–A ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, Elena Espinosa Mangana.

ANEXO I

Requisitos mínimos para os movementos de animais de especies sensibles á lingua azul desde explotacións situadas na zona restrinxida cara a explotacións situadas en zona libre da mesma ou distinta comunidade autónoma

O movemento de animais de especies sensibles á lingua azul desde explotacións situadas na zona restrinxida cara a explotacións situadas en zona libre do territorio nacional poderase realizar se se cumpren os seguintes requisitos:

- Que estivesen protexidos do ataque de «Culicoides» durante, como mínimo, 14 días antes da data do traslado, e fosen sometidos durante ese período a unha proba de illamento do virus da lingua azul ou a unha proba de reacción en cadea da polimerasa (PCR), con resultados negativos, e esta proba deberase ter efectuado con mostros de sangue tomadas, como mínimo, 14 días despois da data de inicio do período de protección contra os ataques de vectores.
- Ademais do requisito anterior, os animais da especie ovina e bovina maiores de 3 meses de idade, con destino para vida, deberán estar vacinados con vacina inactivada fronte ao serotipo 4 do virus da lingua azul, de acordo coas seguintes condicións:

a) Que se trate de animais que xa fosen previamente vacinados, caso en que o movemento se producirá inmediatamente despois da aplicación da dose vacinal de recordo, sempre e cando a devandita dose se aplicase dentro do prazo de inmunidade garantido segundo o protocolo de vacinación aplicado. O prazo máximo para o movemento será de 1 ano, ou

b) Que se trate de animais vacinados por primeira vez, debendo pasar polo menos 25 días desde a aplicación da dose vacinal que estableza a inmunidade fronte á lingua azul segundo o protocolo de vacinación empregado. O prazo máximo para o movemento será de 1 ano.

ANEXO II

Zona restrinxida

As cidades de Ceuta e Melilla.

A Comunidade Autónoma de Extremadura.

As seguintes provincias e/ou comarcas veterinarias:

a) Na Comunidade Autónoma de Andalucía: as provincias de Cádiz, Málaga, Sevilla, Huelva e Córdoba; na provincia de Jaén, as comarcas veterinarias de Alcalá La Real, Huelma, Ubeda, Linares, Andújar, Jaén e Santiesteban del Puerto; na provincia de Granada, as comarcas veterinarias de Motril e Órgiva; e na provincia de Almería, as comarcas veterinarias de Poniente, Río Andarax, Alto Almanzora e Bajo Andarax.

b) Na Comunidade Autónoma de Castilla y León: na provincia de Avila, as comarcas veterinarias de Arenas de San Pedro, El Barco de Ávila, Candeleda, Cebreros, Las Navas del Marqués, Navalunga e Sotillo de la Adrada e, na provincia de Salamanca, as comarcas veterinarias de Béjar, Ciudad Rodrigo e Sequeros,

c) Na Comunidade Autónoma de Castilla-La Mancha, as provincias de Toledo e Ciudad Real, e a comarca de Alcaraz na provincia de Albacete.

d) Na Comunidade de Madrid: as comarcas veterinarias de Aranjuez, El Escorial, Griñón, Navalcarnero, San Martín de Valdeiglesias, Arganda del Rey, Villarejo de Salvanés, Alcalá de Henares, Torrelaguna, Colmenar Viejo e municipio de Madrid.

MINISTERIO DE CULTURA

18308 REAL DECRETO 1293/2007, do 28 de setembro, polo que se regula o Museo das Peregrinacións e de Santiago. («BOE» 252, do 20-10-2007.)

A finais de 1951 acórdase, por iniciativa da Dirección Xeral de Belas Artes do daquela Ministerio de Educación e Ciencia e do Concello de Santiago de Compostela, a creación dun museo nesta cidade destinado a reunir aquelas mostras dispersas representativas da historia e da súa arte, servindo, pola súa vez, de centro receptor da evocación dunha das máis notables manifestacións da historia de Europa e principal motor ademais da creación da urbe compostelá, a peregrinación á tumba do Apóstolo Santiago. En 1963 o concello cédelle á Dirección Xeral de Belas Artes o inmovible coñecido como «Casa Gótica», co fin de instalar nesta sede o Museo de Santiago e das Peregrinacións.

Por Orde do Ministerio de Educación e Ciencia do 31 de agosto de 1968 intégrase no extinto Padroado Nacional de Museos da Dirección Xeral de Belas Artes coa categoría de museo especial e mediante Orde ministerial do 2 de xullo de 1970 adscribíse ao corpo facultativo de museos.

Con data do 4 de novembro de 1994 o Ministerio de Cultura e a Comunidade Autónoma de Galicia subscriben un convenio incluíndo o Museo das Peregrinacións na relación de museos que como anexo figuraba no Convenio de xestión de museos de titularidade estatal asinado coa Comunidade Autónoma de Galicia o día 5 de decembro de 1989.

Por outra parte, a traxectoria que tivo este museo no ámbito da documentación e investigación sobre a orixe do culto xacobeo, o estudo do desenvolvemento progresivo dos diversos camiños cara á cidade e a súa influencia na evolución urbanística e socioeconómica desta, así como, en xeral, do fenómeno das peregrinacións, fai necesario manter e potenciar as súas liñas de traballo no ámbito da documentación e investigación a través da configuración do Museo das Peregrinacións e de Santiago como museo e centro de documentación, investigación e interpretación de Santiago e das Peregrinacións. Tendo en conta estas circunstancias resulta necesario regular, dada a súa transcendencia, esta institución, definindo os fins científicos cara aos cales encamiñar a súa actuación, delimitando as funcións que debe desenvolver e reformulando a súa denominación.

En consecuencia, conforme todo o exposto considérase conveniente regular o Museo das Peregrinacións e de Santiago, ao abeiro do disposto no artigo 61 da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español, e os artigos 3 e 4 do Regulamento de museos de titulari-

dade estatal e do sistema español de museos, aprobado polo Real decreto 620/1987, do 10 de abril.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Cultura, consultada a Comunidade Autónoma de Galicia, coa aprobación da ministra de Administracións Públicas, e logo de deliberación de Consello de Ministros, na súa reunión do día 28 de setembro de 2007,

DISPONGO:

Artigo 1. *Definición e funcións.*

1. Establécese o Museo das Peregrinacións e de Santiago como institución museística nacional e centro de documentación, investigación e interpretación de Santiago e das peregrinacións, de titularidade estatal e dependente da Dirección Xeral de Belas Artes e Bens Culturais, a que lle corresponde a protección, conservación, documentación, investigación e difusión dos bens materiais e inmateriais integrantes do patrimonio cultural relacionados co fenómeno universal da peregrinación, coa peregrinación xacobeá e o Camiño de Santiago en particular, e co nacemento e a evolución da cidade de Santiago de Compostela como meta de peregrinación.

2. Serán fins do Museo das Peregrinacións e de Santiago:

a) Amosar desde unha perspectiva histórica e cultural o fenómeno da peregrinación como manifestación universal.

b) Promover o coñecemento da peregrinación xacobeá e o Camiño de Santiago en todas as súas dimensións.

c) Amosar desde unha óptica científica o nacemento e a evolución da cidade de Santiago de Compostela nos seus aspectos arquitectónicos, urbanísticos, ambientais, sociais, culturais e económicos.

d) Xerar un proceso permanente de interpretación da cidade de Santiago e do feito xacobeo.

e) Reunir, documentar, investigar e expoñer os restos materiais relacionados co contido temático do museo.

f) Potenciar a investigación no ámbito da peregrinación en xeral, da peregrinación xacobeá e do Camiño de Santiago en particular, así como do nacemento e a evolución da cidade de Santiago de Compostela, converténdose nun centro de referencia nacional e internacional.

3. O Museo das Peregrinacións e de Santiago ten encomendado o desenvolvemento das seguintes funcións:

a) A conservación dos bens culturais que se encontran baixo a súa custodia, mediante a adopción de medidas preventivas e de restauración.

b) A catalogación e a documentación deses bens.

c) A investigación sobre o seu ámbito temático e territorial e sobre os aspectos museolóxicos relacionados co cumprimento das restantes funcións da institución.

d) A exhibición permanente, ordenada e significativa das súas coleccións.

e) A adquisición de bens culturais que incrementen as súas coleccións co fin de completar o seu discurso expositivo e potenciar a investigación do seu ámbito científico.

f) A comunicación á sociedade dos coñecementos xerados no desenvolvemento das súas funcións e a difusión das súas coleccións.

g) A organización periódica de exposicións científicas e divulgativas.

h) A creación dun espazo protagonista para o papel das cidades históricas na cultura urbana contemporánea.

i) A atención ás demandas dos usuarios conforme as normas de funcionamento do museo.